



### INFORME DE INTERVENCIÓN

**Asunto: Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite de débeda con motivo da aprobación do orzamento para o ano 2016**

Manuela Barcia Vázquez, interventora do Concello de Porto do Son, en cumprimento do artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, así como do disposto na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, informa o seguinte en relación co cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria do orzamento do 2016, o cumprimento da regra de gasto e do límite de débeda:

#### 1. Normativa reguladora do principio de estabilidade orzamentaria no Sector Público Local, de cálculo da regra de gasto e das obrigacións de subministración de información.

- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEPSF).
- Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (Regulamento).
- Orde Ministerial HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na LOEPSF (OM)
- O documento que aparece na Oficina Virtual de coordinación financeira coas entidades locais, polo que se materializan as obrigacións de subministración de información, na súa versión 01d de data 22/02/2013.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, (TRLRHL) que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en relación ao principio de estabilidade orzamentaria (artigos 54.7 e 146.1).
- Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.
- Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da LOEPSF para corporacións locais, 2ª edición. IXAE (12/03/2013).
- Regulamento núm. 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio (DOCE. 26-06-2013), que aproba o SEC 2010
- Manual do SEC 95 sobre o déficit público e a débeda pública, publicado por Eurostat.
- Regulamento (CE) nº 2223/1996 do Consello da Unión Europea, de 25 de xuño de 1996, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC 95)
- Regulamento (CE) nº 2516/2000, do Parlamento Europeo e do Consello, de 7 de novembro de 2000, que modifica os principios comúns do SEC 95 no que se refire aos impostos e cotizacións sociais e polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 2223/96 do Consello

#### 2. Cumprimento do obxectivo de estabilidade

A normativa sobre estabilidade orzamentaria ten como obxectivo introducir unha serie de pautas na política fiscal das Administracións públicas co fin de controlar as magnitudes macroeconómicas en niveis que permitan un escenario económico estable, con taxas de crecemento e creación de emprego. Co fin de marcar unhas pautas comúns na política



orxamentaria das Administracións, apróbase un conxunto de normas que descansan nunha serie de principios, entre os que está o de estabilidade orxamentaria. Así, o artigo 3 LOEOSF define a estabilidade orxamentaria como a situación de equilibrio ou de superávit estrutural. O obxectivo de estabilidade orxamentaria é a cuantificación desa definición. A súa fixación correspóndelle ao Goberno, de acordo co procedemento regulado no artigo 15 LOEOSF. O artigo 11.4 LOEOSF establece que as entidades locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orxamentario. E así, o Consello de Ministros aprobou como obxectivo de estabilidade orxamentaria para as Corporacións locais no trienio 2016-2018 o equilibrio.

Para as entidades locais que dispoñan de plan económico-financeiro (PEF), o obxectivo será o previsto nos mesmos.

A estabilidade orxamentaria implica que os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiros. A capacidade investidora municipal virá determinada polos recursos de capital non financeiros, e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes (aforro bruto).

O cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos a orzamento obtense, segundo o manual da IXAE e como o interpreta a Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades locais, por diferenza entre os importes orzados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

### **2.1. Entidades que compoñen o orzamento xeral e delimitación sectorial de acordo co Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais**

No caso do Concello de Porto do Son a única entidade que debe entrar no cálculo do cumprimento dos obxectivos é o concello.

### **2.2 Descrición dos ingresos e gastos en termos de contabilidade nacional**

Para a realización dos axustes hase de considerar o Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola IXAE, e o formulario F.1.1.B1-Axustes contemplados no Informe de Avaliación para relacionar o saldo resultante de Ingresos e Gastos do Orzamento coa capacidade ou necesidade de financiamento calculada consonte ás normas do Sistema Europeo de Contas, incluído na Guía para a comunicación da información do Orzamento de 2015, última aplicación aberta para a remisión de datos sobre orzamentos de entidades locais.

Con carácter xeral, a totalidade dos ingresos e gastos non financeiros orxamentarios, sen prexuízo da súa reclasificación en termos de partidas de contabilidade nacional, corresponden á totalidade dos empregos e recursos que se computan na obtención da capacidade/necesidade de financiamento do subsector Corporacións Locais das Administracións Públicas da Contabilidade Nacional. As diferenzas veñen determinadas polos axustes que se describen nos apartados seguintes deste informe.

### **2.3 Cálculo da capacidade/necesidade de financiamento**



En virtude do establecido no artigo 16.2 do Regulamento débese informar o cumprimento do obxectivo de estabilidade do orzamento da propia entidade e dos seus organismos e entidades dependentes, dos do artigo 4.1 do Regulamento, deixando para un informe individualizado o correspondente aos entes do artigo 4.2.

Segundo apréciase no cadro seguinte, a diferenza entre os importes orzados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes descritos, arroxa capacidade de financiamento.

Os axustes SEC son os seguintes, de acordo cos formularios da Guía da comunicación do orzamento de 2015 publicada na Oficina Virtual das EE.LL.:

(Importes en €)

Identif.	Concepto (Previsión de axuste a aplicar aos importes de ingresos e gastos)	Importe axuste a aplicar ao saldo orzamentario 2016 (+/-)	Observacións
GR000	Axuste por recadación ingresos capítulo 1	0,00	A elaboración deste capítulo de ingreso no orzamento 2014 elaborouse en base a un criterio de caixa. Nos derradeiros tres orzamentos con liquidacións aprobadas, o importe deste axuste ascendeu a 0,00 €
GR000b	Axuste por recadación ingresos capítulo 2	-315,17	Tómase a media dos axustes realizados por este motivo nos derradeiros tres orzamentos con liquidacións aprobadas, sendo os axustes os seguintes: Liquidación 2012: (+) 3.071,60; Liquidación 2013: (+) 3.811,46; Liquidación 2014: (-) 7.828,57; Promedio dos 3: (-) 315,17
GR000c	Axuste por recadación ingresos capítulo 3	27.116,01	Tómase a media dos axustes realizados por este motivo nos derradeiros tres orzamentos con liquidacións aprobadas, sendo os axustes os seguintes: Liquidación 2012: (+) 69.643,83; Liquidación 2013: (+) 104.894,00; Liquidación 2014: (-) 93.189,79; Promedio dos 3: (+) 27116,01
GR001	(+) Axuste pola liquidación PTE 2008	5.293,56	Son os incluídos para calcular a previsión dos dereitos recoñecidos netos da PTE en 2016
GR002	(+) Axuste pola liquidación PTE 2009	7.823,76	Son os incluídos para calcular a previsión dos dereitos recoñecidos netos da PTE en 2016
GR002b	(+) Axuste pola liquidación PTE de exercicios distintos a 2008 e 2009: 2013	19.200,50	Son os incluídos para calcular a previsión dos dereitos recoñecidos netos da PTE en 2016
GR006	Xuros	0,00	En aplicación do principio de importancia relativa
GR006b	Diferenzas de cambio	0,00	Non se da este suposto
GR015	(+/-) Axuste polo grao de execución do gasto	38.588,69	Aplicase a porcentaxe calculada en relación aos tres últimos exercicios coa liquidación aprobada (2012, 2013, 2014): -0,57 %
GR009	Investimentos realizados por conta da corporación local	0,00	Non se da este suposto
GR004	Ingresos por vendas de accións (privatizacións)	0,00	Non se da este suposto
GR003	Dividendos e participacións en beneficios	0,00	Non se da este suposto



# CONCELLO DE PORTO DO SON

## INTERVENCIÓN

Rúa Atalaia, 7. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

GR016	Ingresos obtidos do orzamento da Unión Europea	0,00	Non se da este suposto
GR017	Operacións de permuta financeira (SWAPS)	0,00	Non se da este suposto
GR018	Operacións de reintegro e execución de avais	0,00	Non se da este suposto
GR012	Achegas de capital	0,00	Non se da este suposto
GR013	Asunción e cancelación de débedas	0,00	Non se da este suposto
GR014	Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	0,00	Este dato cofecerase na liquidación do orzamento
GR008	Adquisicións con pago aprazado	0,00	Non se da este suposto
GR008a	Arrendamento financeiro	0,00	Non se da este suposto
GR008b	Contratos de asociación público privada (APP's)	0,00	Non se da este suposto
GR010	Investimentos realizados pola corporación local por conta doutra Administración Pública	0,00	Non se da este suposto
GR019	Préstamos	0,00	Non se da este suposto
GR020	Devolucións de ingresos pendentes de aplicar a orzamento	0,00	
GR021	Consolidación de transferencias con outras Administracións Públicas	0,00	
GR099	Outros	0,00	Non se cofiecen datos neste apartado
<b>Total de axustes ao orzamento da entidade</b>		<b>97.707,35</b>	

### Ingresos

Cap	Descrición	Importe
1	Impostos directos	1.905.731,04
2	Impostos indirectos	47.759,86
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1.569.319,88
4	Transferencias correntes	2.557.706,12
5	Ingresos patrimoniais	25.570,27
6	Alleamentos de investimentos	0,00
7	Transferencias de capital	919.822,54
8	Activos financeiros	30.050,00
9	Pasivos financeiros	0,00
<b>Total</b>		<b>7.055.959,71</b>

### Gastos



Cap	Descrición	Importe
1	Gastos de persoal	2.060.360,15
2	Gastos correntes en bens e servizos	2.559.946,78
3	Gastos financeiros	56.845,76
4	Transferencias correntes	754.023,19
6	Investimentos reais	1.337.768,87
7	Transferencias de capital	1.000,00
8	Activos financeiros	30.050,00
9	Pasivos financeiros	255.964,96
<b>Total</b>		<b>7.055.959,71</b>

Capacidade de financiamento	255.964,96
CF/INF	3,64%
Axustes	97.707,35
Capacidade de financiamento	353.672,30
NF/INF	5,03%

O resultado é de capacidade de financiamento, polo que o proxecto de Orzamento de 2016 cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria (equilibrio ou superávit)..

### 3. Cumprimento da regra de gasto

O artigo 12 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria esixe tamén ás Entidades Locais que a variación de gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación.

Para as Corporacións locais cúmprese a Regra do Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

En concreto, o Goberno aprobou, xunto aos obxectivos de déficit público (0%) e de débeda pública (3,4 % do PIB no ano 2016) para o período 2016-2018, a regra de gasto para os orzamentos do 2016, 2017 e 2018, isto é, 1,8%, 2,2% e 2,6% respectivamente.

#### Cálculo do gasto computable

Establécese no apartado 2 do artigo 12 como se determina o volume de gasto computable.

*"2. Entenderase por gasto computable aos efectos previstos no apartado anterior, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiamento".*



En relación ao axuste polo grao de execución, tívose en conta o criterio establecido na Guía para a determinación da regra de gasto elaborada pola IXAE:

*"Nas Corporacións Locais a execución orzamentaria final sole presentar desviacións respectos dos créditos iniciais do orzamento. Por este motivo, para o cálculo do gasto computable nos orzamentos iniciais realizarase un "axuste polo grao de execución do gasto", que reducirá ou aumentará os empregos non financeiros.*

*Este axuste reducirá os empregos non financeiros naqueles gastos nos que polas súas características ou pola súa natureza se consideren de imposible execución no exercicio orzamentario. E os incrementará naqueles casos cuxa execución vaia a superar o importe dos créditos iniciais.*

*O axuste polo grao de execución do ano n será o resultado de aplicar a porcentaxe estimada do grao de execución do dito orzamento ao importe dos créditos por operacións non financeiras (capítulos 1 a 7) do orzamento de gastos. No caso do capítulo 3 gastos financeiros, unicamente incluíranse os créditos de emisión, formalización, modificación e cancelación de préstamos, débedas e outras operacións financeiras, así como os créditos por execución de avais.*

*A porcentaxe estimada do grao de execución do orzamento do ano n terá como límite, superior ou inferior, a media aritmética das porcentaxes do grao de execución dos créditos por operacións non financeiras do orzamento de gastos dos tres exercicios anteriores, unha vez eliminados os valores atípicos."*

A delimitación do concepto de valores atípicos supón unha gran influencia no cálculo e o resultado grao de execución e, polo tanto, nunha estimación de cumprimento ou non da regra de gasto. A IXAE matizou este concepto a unha consulta formulada polo Colexio Oficial dos FHE de Ourense:

*"Enténdese por un valor atípico, un valor moi distinto do resto, que fai que a media aritmética non sexa representativa do grupo de valores considerado. Aos efectos deste axuste, consideraranse valores atípicos aqueles gastos cuxa inclusión desvirtúa a media aritmética que opera como límite da porcentaxe estimada do grao de execución do orzamento.*

*Entre outros consideraranse valores atípicos, sempre que cumpran co disposto no parágrafo anterior:*

- *Os gastos de natureza extraordinaria derivados de situacións de emerxencia, acontecementos catastróficos, indemnizacións aboadas en virtude de sentenzas xudiciais e similares.*
- *Os gastos financiados con subvencións finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas, dado que estes gastos non se inclúen no cálculo do gasto computable para a determinación da regra de gasto.*
- *Os gastos financiados con dereitos procedentes do alleamento de terreos e investimentos reais coñecidos no mesmo exercicio, dado que no cálculo do gasto computable considérase o investimento neto.*
- *Os gastos financiados a través do mecanismo extraordinario de pagamento a provedores.*

*Se esta media é negativa (positiva) implicará unha execución inferior (superior) aos créditos iniciais e a porcentaxe estimada do grao de execución non poderá ser superior (inferior) a esta media dando lugar a un axuste que diminuírá (aumentará) os empregos non financeiros."*

A continuación amósase o cálculo do grao de execución dos exercicios 2012, 2013 e 2014, así como a eliminación do cálculo dos valores atípicos:



Consideráronse valores atípicos:

- As obrigas recoñecidas a través dun procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito que requireu da aprobación previa dun expediente de crédito extraordinario ou suplemento de crédito (CE 1/2014).
- Gastos xurídicos derivados de sanción tributaria en materia de canon de saneamento, pagamento de recargos do 20 % polo ingresos extemporáneo do canon de saneamento e honorarios letrada PO 457/2011, 1º pagamento realizado en 2014.
- Gastos con financiamento afectado, deducíndoos tanto dos créditos iniciais polo importe da subvención prevista inicialmente no orzamento, como das obrigas recoñecidas.

O cálculo do grao de execución para os anos 2012 e 2013 xa calculouse con motivo da elaboración do orzamento deses anos e achégase o cálculo para o ano 2014:

CAP	2014		% ejecución
	CI	O	
1	1.881.481,99	1.892.261,73	0,57%
2	2.185.405,85	2.356.618,26	7,83%
3 (*)	80.400,00	72.645,59	-9,64%
4	610.362,36	579.799,46	-5,01%
6	1.760.848,95	1.864.708,46	5,90%
7	157.357,26	28.456,17	-81,92%
<b>GNF</b>	<b>6.675.856,41</b>	<b>6.794.489,67</b>	<b>1,78%</b>

Indemnizacións		99.711,30
Rext Ce/Sc		66.736,84
O financ. Subv	1.247.545,75	1.395.453,64
<b>Valores atípicos</b>	<b>1.247.545,75</b>	<b>1.561.901,78</b>

<b>GNF</b>	<b>5.428.310,66</b>	<b>5.232.587,89</b>	<b>-3,61%</b>
------------	---------------------	---------------------	---------------

Polo tanto, o cálculo da porcentaxe do grao de execución, utilizando os criterios da IXAE é:

Año	Porcentaxes de execución O/CI
<b>2012</b>	-1,01%
<b>2013</b>	2,91%
<b>2014</b>	-3,61%
<b>Media</b>	<b>-0,57%</b>

Esta porcentaxe utilizarase para o cálculo do gasto computable de 2016 na regra de gasto, aplicándose sobre os gastos non financeiros excluídos os xuros, así como para o cálculo



da capacidade/necesidade de financiamento, esta vez, aplicándoo sobre o total de gastos non financeiros, xa que os xuros si se teñen en conta na cuantificación desta magnitude.

Concepto	Orzamento 2016
Suma dos capítulos 1 a 7 de gastos (do capítulo 3, só inclúense 301-311-321-331-357)	6.713.298,99
Axustes. Cálculo empregos non financeiros segundo o SEC	-38.265,80
(-) Alleamento de terreos e demais investimentos reais	
(+/-) Investimentos realizados por conta da corporación local	
(+/-) Execución de avais	
(+) Achegas de capital	
(+/-) Asunción e cancelación de débedas	
(+/-) Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	
(+/-) Pagamentos a socios privados realizados no marco das asociacións público-privadas	
(+/-) Adquisicións con pagamento aprazado	
(+/-) Arrendamento financeiro	
(+) Préstamos	
(-) Investimentos realizados pola corporación local por conta doutra Administración Pública	
(+/-) Axuste polo grao de execución do gasto	-38.265,80
Outros (especificar)	
<b>Empregos non financeiros en termos SEC excepto xuros da débeda</b>	<b>6.675.033,19</b>

(-) Pagamentos por transferencias (e outras operacións internas) a outras entidades que integran a corporación local	0,00
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras AA.PP.	-1.255.901,46
Unión Europea	0,00
Estado	0,00
Comunidade Autónoma	-195.687,17
Deputacións	-1.060.214,29
Outras Administracións Públicas	0,00
<b>Total do gasto computable do exercicio 2016</b>	<b>5.419.131,73</b>

<b>Gasto computable límite para o exercicio 2014 previsto no PEF</b>	<b>5.448.680,22</b>
<b>Porcentaxe (regra de gasto 2015)</b>	<b>1,30%</b>
<b>Incrementos/diminucións de recadación por cambios normativos</b>	<b>0,00</b>
<b>Total do gasto computable máximo 2015</b>	<b>5.519.513,06</b>
<b>Incrementos/diminucións de recadación por cambios normativos</b>	<b>0,00</b>





Porcentaxe (regra de gasto 2016)	1,80%
Total do gasto máximo 2016	5.961.074,11
Total do gasto computable orzamento 2016	5.419.131,73
Desviación	541.942,38

Á vista dos datos anteriores, conclúese que a regra de gasto está a cumprirse cunha desviación de 541.942,38 €.

Non obstante, indícase que o cumprimento do obxectivo da regra de gasto non é obxecto de control a través das obrigas trimestrais de remisión de información ao Ministerio de Facenda, unicamente se comprobaría na liquidación. Na remisión trimestral de información sobre execución orzamentaria unicamente se fai a pregunta de se se estima cumprir coa regra de gasto na liquidación do orzamento.

#### 4. Comprobación cumprimento límite de gasto non financeiro

O artigo 30 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria esixe tamén ás Entidades Locais a mesma obrigación que a Unión Europea vén esixindo ao Estado, isto é, aprobar todos os anos un teito de gasto non financeiro, e verificar que cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra do gasto.

Neste sentido establece que as Entidades Locais deberán aprobar un límite máximo de gasto non financeiro, coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

Non se establece prazo para a súa aprobación, nin cal é o órgano competente para iso. Debería aprobarse, pola Alcaldía, en virtude da cláusula de competencia residual establecida no artigo 21 da Lei 7/1985, e con anterioridade á aprobación do Orzamento de 2016. Tampouco se establece na Orde Ministerial a obrigación de remisión de información sobre o teito de gasto.

Indícase, ao igual que se fixo coa regra de gasto, e ao igual que se indicou en informes anteriores, que o límite de gasto non financeiro non é obxecto de control a través das obrigas trimestrais de remisión de información ao Ministerio de Facenda e que é moi difícil o seu cumprimento debido á recepción de subvencións. Así, o feito de que o concello se beneficie dunha subvención non prevista nas previsións iniciais do orzamento e cun coeficiente de financiamento de 1 e que non se teña en conta para o cálculo do límite de gasto non financeiro pode supoñer o incumprimento deste límite máximo, xa que supón un maior gasto desta natureza. Sen embargo, non afecta ao cumprimento da regra de gasto, xa que este gasto computable non se terá en conta a través do axuste das obrigas financiadas con subvencións finalistas. Así, este límite resulta bastante inoperativo na xestión económico-orzamentaria municipal, co engadido de que non está sendo obxecto de control.

O cálculo do límite do gasto non financeiro, de acordo cos datos do orzamento inicial é:

Gasto computable 2016	5.419.131,73
Xuros	56.645,76
Gastos financiados con subvencións finalistas doutras AA.PP.	1.255.901,46
Menor contía: estabilidade orzamentaria/marxe regra de gasto	353.672,30
Límite de gasto non financeiro	7.085.351,25

#### 5. Cumprimento do límite de débeda



A LOEPSF (art. 13) establece a obrigación de non pasar o límite de débeda pública que para as Entidades locais foi fixado no 3,4 % do PIB para o exercicio 2016; 3,2 % para o exercicio 2017 e 3,1 % para o exercicio 2018.

Pero non se determinou o PIB para o cálculo en termos de ingresos non financeiros, polo que o informe sobre este extremo redúcese a calcular o nivel de débeda viva segundo o Protocolo do Déficit Excesivo e o nivel de débeda viva formalizada.

Concepto	Importe	Observacións
(+) Suma dos ingresos previstos nos capítulos 1 a 5 do orzamento	6.106.087,17	
(-) Ingresos por multas coercitivas ou derivados de convenios urbanísticos do planeamento ou calesquera outros que expresamente fosen declarados como integrantes do patrimonio público do solo	0,00	
(-) Ingresos por actuacións de urbanización, como o canon de urbanización, cotas urbanización ou calquera dese carácter	0,00	
(-) Aproveitamentos urbanístico e outros ingresos por aproveitamentos edificatorios distintos dos anteriores (entre outros, os aproveitamentos edificatorios no solo rústico, regulados no artigo 62.3 do TRLOT Canarias e Espacios Naturais de Canarias)	0,00	
(-) Ingresos por multas impostas por infraccións urbanísticas expresamente afectados a operacións de igual carácter que non deban de integrarse no patrimonio público do solo	0,00	
(-) Contribucións especiais afectadas a operacións de capital	0,00	
(-) Ingresos polo canon de mellora do servizo de auga ou canon de saneamento cando estea afectado, pola normativa sectorial ao financiamento de investimentos de capital relacionadas co servizo prestado, tales como infraestruturas hidráulicas ou redes de saneamento e depuración entre outras	0,00	
(+/-) Investimentos por conta da Corporación Local	0,00	
(-) Outras concesións e aproveitamentos afectados pola normativa aplicable ao financiamento de operacións de capital	0,00	
(-) Outros ingresos incluídos nos cap. 1 a 5 afectados a operacións de capital distintos dos anteriores	0,00	
(-) Outros ingresos incluídos nos capítulos 1 a 5 non consolidables a futuro	-42.795,30	
<b>Total de ingresos correntes de carácter ordinario</b>	<b>6.063.291,87</b>	

Ingresos non consolidables

Importe



# CONCELLO DE PORTO DO SON

## INTERVENCIÓN

Rúa Atalaia, 7. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

39904-Indemnización por danos	42.795,30
<b>Total</b>	<b>42.795,30</b>

Capital vivo previsto a 31/12/2015	2.553.882,04
Amortizacións previstas en 2016	255.964,96
Capital vivo estimado a 31/12/2016	2.297.917,08
Ingresos correntes 2016	6.063.291,87
% débeda viva	37,90%

### 6. Conclusións sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e nivel de débeda.


Na fase de aprobación do Orzamento de 2016, coas cifras que contén, cúmprense os obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e nivel de débeda.

Porto do Son, 18 de decembro de 2015

A interventora

Asdo.: Manuela Barcia Vázquez

Visto. Achéguese ao expediente  
O alcalde

  
José Luis Oujo Pouso

